



www.oqueleo.com

© 2003, M.^a Isabel Molina

© Da tradución: 2014, Antón Palacio

© Desta edición:

2018, Santillana Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-07-5

Depósito legal: M-1075-2017

Printed in Spain - Impreso en España

Segunda edición: xuño de 2018

Dirección da colección:

Ana M.^a Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Fran Ameixeiras, Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega
e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

O ferreiro da lúa chea

M.^a Isabel Molina

Ilustración de cuberta de Carlos Cubeiro

oqueleo

Introdución

Desde os tempos prehistóricos, tiveron privilexios os ferreiros, os homes que dominaban o lume ata convertelo no seu servidor, eran libres para viaxar, para cambiar de terra, de rei e de señor e sempre eran ben recibidos e respectados. Eran os que sabían —nun proceso entre misterioso e máxico— converter o mineral en lingotes, traballar o cobre e o ouro, a prata e o estaño; os que coñecían as proporcións das mesturas e aliaxes, os que recollían e gardaban os restos de aerólitos para conseguir mellores aceiros; eran artesáns expertos que fabricaban sonoras campás de bronce, espadas e arados, alfaias de ouro e prata e humildes vasillas de estaño. Os máis sabios de entre eles, os alquimistas, esforzábanse en fundir e refinar unha e outra vez os metais na imposible busca do metal máis nobre. Ferreiros foron os antigos deuses, como Vulcano en Roma e Thor en Xermania.

Tanto os ferreiros coma os construtores gardaban fielmente os segredos do oficio e as reunións dos seus gremios eran as responsables de protexelos. Antigos segredos, eficaces para realizaren o seu traballo e que se debían gardar dos estraños. Segredos que se adornaban de fórmulas máxicas e que os oficiais e os mestres repetían con exactitude e, en moitos casos, sen acabar de entendelos. Desde a nosa tecnoloxía, desde as nosas fórmulas matemáticas, que os ordenadores calculan en segundos, debemos intentar comprender a marabilla da sorpresa que, entre as altas naves das catedrais que aínda hoxe nos deixan sen alento, experimentaban os homes e as mulleres da Idade Media.

Xa antes de que a historia se escribise, a ruta que sinalaba a Vía Láctea, o camiño das estrelas que leva ó océano, a Fisterra, foi camiño de peregrinacións. Antes de que o sartego do apóstolo Santiago atraese os peregrinos de Europa, xa os ferreiros e os antigos mestres construtores percorreran o camiño e levantaran pontes e os seus edificios de pedra, sementándoo de aldeas co nome do «ganso» —que en algures tamén chaman oca—, o animal sabio que era o seu símbolo.

Afonso VI, o rei do principio do século XII, protector do camiño, casou cinco veces pero só tivo un fillo home

que morreu adolescente na guerra contra os almorávides. Quixo ser un rei moderno, vitorioso contra os árabes, que abriu os seus reinos á corrente dos peregrinos. No camiño de Santiago existen lugares que se chaman Vilafranca —vila de francos, vilas libres—, as terras despoboadas que o rei lles entregaba ós emigrantes que chegaban de máis alá dos Pireneos.


A súa herdeira foi Urraca, a súa filla, viúva de Raimundo de Borgoña, casada outra vez con Afonso I o Batallador, rei de Aragón. Urraca tiña un fillo do seu primeiro matrimonio chamado tamén Afonso, Afonso Raimúndez, que será o VII de Castela cando sexa rei.

Cando Iago de Lavalle peregrina a Santiago, Afonso o Batallador e a súa muller, a raíña Urraca, están separados. O matrimonio fracasou. Afonso Raimúndez, que se educou en Galicia, encerrou a súa nai nun mosteiro e proclamouse rei de Castela e León. Afonso o Batallador tamén reclama os seus dereitos ó trono como esposo da raíña Urraca e faise chamar VII de Castela. (Hai dous reis distintos co mesmo nome). O rei de Aragón e os seus cabaleiros atacan esporadicamente a fronteira dos dous reinos, a Rioxá, que quere incorporar ó seu reino de Aragón. Outros cabaleiros, co pretexto de defenderen os dereitos da raíña Urraca,

saquean vilas e aldeas; o rei Afonso Raimúndez intenta impoñer a súa autoridade. A situación case é de guerra civil. O pobo sofre. Os peregrinos son coma un río que todas as primaveras asolaga o camiño.

10 *Iago, a súa familia, a súa viaxe, Tareixa e a conxuración dos construtores son imaxinarios. Son reais o ambiente, as circunstancias, o fascinante personaxe de San Xoán de Ortega, o Camiño... un camiño que os ferreiros obrigan a facer a Iago e que, en certo xeito, todos debemos facer na nosa vida.*

OS REIS DE CASTELA, DESDE A PRIMERIRA ATA A SEPARACIÓN DOS DOUS



UNIÓN (1037) DE LEÓN E CASTELA

REINOS Á MORTE DE AFONSO VII

SANCHA

raíña de León
(1037-1065)

García

(rei de Galicia
temporalmente)

Urraca

herda Zamora

Elvira

herda Toro

1. Inés de Aquitania

2. Constanza de Borgoña

3. Berta de Borgoña

4. Isabel (Zaida, filla de Motamid de Sevilla)

5. Beatriz de Este

Sancho

morre na batalla de Uclés



**Afonso I
o Batallador**

rei de Aragón e Navarra
(matrimonio anulado, concilio de Palencia)




Berenguela

filla de Ramón Berenguer II

Fernando II


rei de León

ITINERARIO SEGUIDO POR IAGO DE LAVALLE



Mar Cantábrico

FRANCIA



Vinte anos antes

O conde Guillén de Lavalle recibiu os homes no gran salón, sentado na cadeira labrada que, sobre unha tarima, presidía a estancia e que fixera colocar sobre a valiosa alfombra de la que trouxera do sur como botín no ano anterior. Ía frío, sempre ía frío no gran salón atravesado polas correntes de aire. Aínda que non tiña diñeiro para facelo e levaban meses queimando uces, piñas e pólas, o conde Guillén ordenara acender con troncos enteiros a enorme cheminea na que cabía un home de pé. Levaba a súa mellor túnica, de la sen tinxir, daquela cor óso tan de moda aquel ano, e un manto bordado. No dedo puxera a vella sortella de selo que fora de seu pai e de seu avó e, antes deles, dalgún antigo romano, a xulgar pola inscrición case borrada que estaba gravada no interior. Guillén de Lavalle necesitaba daqueles homes e a experiencia ensiná-

ralle que a mellor forma de conseguir un bo trato era aparentar riqueza e non mostrar un excesivo interese.

Os homes avanzaron ata o centro do gran salón antes de se deter e saudar cunha inclinación de cabeza. Vestían zamarras de pel de cordeiro sen mangas, co pelo por fóra. Non levaban túnica, senón calzóns de coiro e abarcas nos pés. Cheiraban a fume, a suor e a coiro mal curtido e formaban un grupo recio e fedorento no centro do salón.

O conde Guillén dubidou se ofrecerlles viño. Despois decidiu seguir no seu papel de gran señor.

—Benvidos a Lavalle —saudou.

Un dos visitantes adiantouse ó grupo. Era un home maior, de escasa estatura. Quitou o gorro de la que levaba na cabeza antes de falar e descubriu uns cabelos agrisados e un parche de coiro que lle tapaba un ollo e que se suxeitaba á cabeza cunhas estreitas correas.

—Mandástesnos chamar, bo conde.

—Así é, mestre Lucas —asentiu o conde Guillén—. Os señores francos axítanse no norte e, en canto chegue a primavera, o rei mouro de Zaragoza ameazará o sur. O noso rei terá que guerrear contra

o mouro e vai necesitar todos os seus homes. Por outra parte, este condado é a fortaleza que garda o reino polo norte. Necesito das vosas artes. Para a próxima lúa chea, os meus homes precisan unha nova partida de espadas, rexas e ben forxadas.

Unha chispa de intelixencia prendeu un momento no único ollo do home chamado mestre Lucas. Un leve murmurio correu entre os homes, que se miraron uns a outros.

19

Mestre Lucas avanzou un paso máis e fixo unha inclinación.

—Non nos dades moito tempo, señor, pero ese é o noso oficio. Incharemos os foles e poñeremos as nosas forxas a traballar e, dentro dunha lúa, habedes ter espadas novas, acabadas de forxar, para armar os vosos homes.

Guillén de Lavalles tragou saliva. Ata aquel momento todo fora ben, coa cortesía que reclamaba o costume. Agora chegaba o difícil. Guillén necesitaba con urxencia as espadas para defender as súas terras do señor franco de máis alá das montañas, que o invadiría en canto os ríos se desxeasen; pero non tiña nin unha moeda para pagar o traballo. Talvez máis adiante, cando derrotase os francos, se conseguía un

bo botín ou se os seus labradores e os seus servos, aproveitando a paz, tiñan unha boa colleita, podería pagar sobradamente o traballo, pero ata entón non tería diñeiro e os ferreiros non ían traballar baixo a súa palabra; el non faltara nunca ás súas promesas, pero todos os artesáns sabían que a palabra de pago dun señor se podía aprazar indefinidamente.

20

—Cal será o prezo do voso traballo? —preguntou, cunha seguridade que estaba moi lonxe de sentir.

Os homes miráronse entre si sen falar e fixeron un xesto a mestre Lucas. Parecía que se puxeran de acordo antes da entrevista.

—Dise no señorío que non hai moito diñeiro no castelo, bo conde. É custoso manter un grupo de homes de armas que se alimenta ben, tanto eles coma os seus cabalos, e non produce nada. Tamén din que o noso señor natural, don Afonso de Aragón, vos dobrou o tributo para a súa campaña contra o reino de Zaragoza. Como imos ousar pedir diñeiro polo voso encargo?

—Ides traballar de balde?

—Non dixemos tanto, bo conde. Só que non vos imos pedir diñeiro.

Guillén comezaba a alarmarse. Non lle gustaban os misterios nin as palabras de dobre sentido. Era un home de pensamentos sinxelos. Necesitaba espadas e non tiña diñeiro; pero se os ferreiros non forxaban as armas e adiaban o pago, non podería defender o condado cando atacasen os francos. El e os seus homes serían derrotados e os atacantes saquearían as ferrerías e os demais obradoiros artesáns. Sairían todos prexudicados.

21

—Que queredes logo?

A voz de mestre Lucas adquiriu un ton persuasivo.

—Algo moi sinxelo, mi señor. Hai dous días, na lúa chea, a vosa esposa deuvos un fillo home que fai o terceiro dos vosos. Todo o condado se alegrou con vós e celebrou a vosa felicidade. Ese neno naceu no día preciso e no momento preciso para ser un bo ferreiro. Queremos que nos deixedes o voso fillo para lle ensinarmos o noso oficio. Seguirá sendo o voso fillo. Unicamente queremos que sexa ferreiro. Ese é o noso prezo.

Guillén houbo de saltar cadeira pola indignación.

—Estades tolos? Ferreiro, o fillo dun conde?

Mestre Lucas non perdeu a calma nin alterou o ton da súa voz.

—Non é o fillo máis vello. Non é o herdeiro, senón o terceiro fillo. E o noso oficio é importante, non o pode levar a cabo calquera home. Hai que saber os momentos propicios para fundir os metais e coñecer o segredo do lume. Un ferreiro debe ser forte, honrado e virtuoso, porque no lume se esconden o poder e a vaidade. O lume é don de Deus, pero é tamén o reino do díaño. Non todos os homes serven para ferreiros. Uns son máis hábiles ca outros. O noso gremio ten que coidar de que a súa arte perdure e se engrandezca. E non todos os ferreiros teñen a fortuna de naceren nun día preciso, no tempo preciso, no momento preciso, como ocorreu co voso fillo. Se o educamos nos nosos coñecementos, será un bo ferreiro e poderá traballar os metais máis nobres, como o ouro e a prata. Fará famoso o voso condado e alcanzará a maior sabedoría porque está sinalado para iso desde o seu nacemento. E como expresión da nosa gratitude, ademais das espadas novas que nos pedides, non para a próxima lúa, claro, senón con máis tempo, forxaremos unha espada especial para vós. Unha espada fundida co metal das pedras que caen das estrelas, segundo os máis antigos coñecementos. Unha es-

pada que non romperá nunca, que vos acompañará nas batallas e que vos proporcionará a vitoria se a empregades a favor da xustiza e do dereito.

Guillén de Lavallo contemplou fixamente e en silencio o grupo de ferreiros. O señor franco do norte era mozo e valente e tiña moitos homes ben armados. Necesitaba as espadas ou non ía ser conde cando chegase o verán... se é que vivía para daquela. E que sería entón do naipelo, da súa esposa e dos outros dous nenos? Que ocorrería coa xente que dependía do castelo?

O tempo parecía que se conxelara no gran salón. O conde seguía en silencio. Os ferreiros agardaban sen impaciencia. Un raio de sol coouse por unha das estreitas ventás e debuxou un círculo de luz no chan de cantos apisoados.

O conde pareceu volver entón dos seus pensamentos.

—Non separaredes o neno do corazón da súa nai?

—Só queremos que aprenda o oficio cando teña idade para facelo. Seguirá sendo o voso fillo.

—Xurádelo?

Mestre Lucas levantou a man e con el os outros ferreiros.

—Perante Deus e os seus Evanxeos. E vós, bo conde?

—Perante a cruz da miña espada, polo meu honor e pola miña palabra de cabaleiro.

—Amén —contestaron todos os homes a coro.